



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

GABINETE  
TÉCNICO DE  
*Igualdade*

Refraneiro galego

Cap. VIII. Ser un toxo



CONFEDERACION  
DE EMPRESARIOS  
DE LA CORUÑA



**cel**  
Confederación de  
Empresarios de Lugo



Confederación  
empresarial de  
Ourense



**CEP**  
CONFEDERACION DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA

Co financiamento de:



**XUNTA  
DE GALICIA**



## Refraneiro galego VIII

Serie tomando como “soporte” famosos refráns e expresións típicas de Galicia.

Cap. I: <i>Nunca choveu que non escampara.</i>	Cap. V. <i>Estar na horta e non ver as verzas.</i>
Cap. II: <i>Outra vaca no millo.</i>	Cap. VI. <i>Galiña vella fai bo caldo.</i>
Cap. III. <i>Nin arre nin xo.</i>	Cap. VII. <i>Tarde piaches!</i>
Cap. IV. <i>Malo será.</i>	<b>Cap. VIII. Ser un toxo.</b>

Outra vez coa natureza moi nosa, que nos permite ter expresións únicas: o toxo. Esa planta silvestre chea de espiñas e con flores amarelas. Imaxinas como sería darlle unha aperta?

Aquí no caben interpretacións. Non te están definindo como unha delicada, fermosa e fina rosa (aínda que teñas espiñas). Chámaselles toxo ás persoas ariscas, rudas, bastas, ou desagradables (no trato, carácter ou actitude).

Pero, ollo!

Que o galego non é só unha lingua, é toda unha “relixión” cultural . Ás veces pode ser unha expresión que leva a engano a persoas que non dominen o noso idioma.

- a. Cando unha persoa galega se define a si mesma como “toxos”: Como non lle gustan os mimos non solicitados, ou as confianza non dadas, e, ademais, é sabido que, a miúdo, galegos e galegas contestan sen darlle voltas ás cousas, sen eufemismos... pois úsase esta expresión como “coartada” por se fixese falla.
- b. Variante en diminutivo: “*Ser un toxiño*”. Chea de retranca, a expresión úsase tamén con aquela persoa, que aínda que sexa de trato arisco, á vez, dan ganas de facerlle agarimos (“*achuchable*” en castelán).

As persoas que se expresen en galego asentirán coa cabeza. O resto...pois seguirán enchendo a nosa lenda de que somos persoas únicas, con unha lingua agarimosa, retranqueira,...fermosa!!.

Pero aínda así e todo, tamén aquí debemos facer un esforzo por acadar a igualdade en todos os ámbitos. E, como sempre, gústanos destacar o mundo do traballo.

**Sexas empresario/a ou traballador/a, toxo ou toxiño, ponte a carón da igualdade.**

En calquera dos dous lados, sairás gañando.

**Sabíalo, non?**

Se precisas apoio ou apoio técnico, contacta co noso Gabinete:

[igualdade@ceg.es](mailto:igualdade@ceg.es)

981 555 888